

ADMINISTRACIÓN LOCAL E DOTACIÓN DE SERVICIOS: A LONGA XÉNESE DO ABASTECIMENTO DE AUGA NA CORUÑA

Alberte Martínez López

Profesor titular de Historia Económica
Facultade de Económicas da Coruña

Dende o punto de vista económico os denominados servicios públicos de rede caracterízanse pola existencia de economías de escala e fortes barreiras de entrada que provocan unha tendencia ó monopolio, xeralmente na distribución. Isto adoita comporta-los nocivos efectos propios da falta de competencia: restricción da oferta e prezos elevados. Para evitalo, o Estado pode actuar de varias formas: subministrar directamente o servicio ou cedelo en concesión a unha empresa privada, mediante unha regulación maior ou menor. Dende o punto de vista xurídico adóitase distinguir entre as formas de xestión directa (pola propia entidade local ou mediante unha sociedade pública) e as indirectas (concesión, xestión interesada, concerto, arrendamento e sociedade mixta), ás que habería que engadírlle-los consorcios e convenios (Sosa, 1997). A auga supón un caso especial, pois ademais do seu valor económico como ben intermedio ou final, posúe un importante valor vital e simbólico de carácter social¹.

¹ Un estado da cuestión, baixo o prisma da economía ecolóxica, dos debates económicos acerca da auga: valoración, criterios de asignación entre usos, mercantilización/comunalización, etc, en Aguilera (1993).

No noso estudio trataremos de analizar, dende unha perspectiva histórica, a xestión dunha rede moderna de abastecemento de auga tomando como exemplo o sucedido na Coruña durante a segunda metade do século pasado.

O proceso de industrialización iniciado en Inglaterra hai dous séculos comportou un notable desenvolvemento urbano. Aínda que con atraso e menor intensidade, tamén España se viu afectada por este fenómeno. Este crecemento urbano orixinou crecentes problemas para satisfacer unhas demandas de servizos que se incrementaban en maior medida có puro aumento demográfico, en atención ó aumento das rendas e dos dereitos cívicos coa difusión do sufraxio universal. Ante esta crecente demanda de servizos as autoridades municipais víanse en graves apertos para satisfacela, debido á crónica debilidade das facendas locais (Salort, 1997) e á falta de experiencia na xestión empresarial que este tipo de actividades comportaban. Poderíamos distinguir aqueles servizos de baixo e desagregable investimento e sinxela tecnoloxía e xestión (mercados, cemiterios, limpeza), que en xeral permaneceron dende un principio baixo control municipal, daqueles outros infraestruturais que polas súas características contrarias foron con frecuencia cedidos á iniciativa privada (Núñez, 1996). É neste contexto, esquematicamente bosquejado, no que se enmarca a actuación do Goberno municipal coruñés para atender unha demanda básica dos seus cidadáns: o abastecemento de auga. Analizaremos nas seguintes páxinas cómo se desenvolve o proceso, baseándonos fundamentalmente na documentación municipal, en especial os Libros de sesións (LS), aínda que tamén na bibliografía comparada².

O marco lexislativo³

Na sociedade preindustrial a auga era un ben patrimonial suxeito ó dominio eminente do soberano, cun complexo réxime de dereitos superpostos, típico do sistema feudal de propiedade «imperfecta». Isto dificultaba o seu aproveitamento productivo. Co novo réxime liberal que instauran as Cortes de Cádiz «despatrimonialízase» a auga, suprimindo os dereitos señoriais e comunais. Establécese o dominio público sobre as

² Sobre a problemática de xestión dos servizos locais de abastecemento de augas en diversos países ver BIGATTI *et altri* (1997), BROWN (1988), GUILLERME (1988), HASSAN (1985) e POITRAS (1999). Estudos sobre a mesma temática noutras cidades españolas, en GALVÁN (1995), GARRUÉS (1998), GIGOSOS e SARAVIA (1993) e RUEDA (1994). Unha perspectiva xeral en MATÉS (1999).

³ Unha análise detallada da evolución do marco lexislativo sobre o abastecemento de auga pódese seguir en Gallego, MENÉNDEZ y DÍAZ (1986), MARTÍN-RETORTILLO (1997) e MATÉS (1998).

augas correntes e recoñécese a plena propiedade privada sobre as augas localizadas nun terreo delimitado e suxeitas a unha apropiación previa. (Maluquer, 1985).

Os dous principais textos lexislativos que regulan o réxime da auga constitúeno as Leis de augas de 1866 e 1879. Con elas cóbrease o baleiro legal existente acerca do sistema de concesións, derivado do concepto de titularidade pública, e priorízase o abastecemento das poboacións. A penas existen diferencias entre ambas nesta materia. Mantívose o caudal mínimo para subministraren 50 litros, 20 deles de auga potable, por habitante e día. A principal novidade da Lei de 1879 estribaba en que se lle esixía á empresa concesionaria a fixación previa de tarifas, no caso de que a subministración fora menor de 20 litros.

Para entender a actitude municipal ante a problemática do abastecemento urbano de auga hai que facer referencia ó papel que lle asignan as principais normativas da época, as Leis municipais de 1823 e 1877. Ámbalas dúas sinalan un proceso de progresiva centralización, de modo que os concellos se consideran meros executores das decisións emanadas do poder central por medio dos seus representantes, xeralmente o gobernador. Será este, pois, o que decida nas concesións de augas, e deberá esperar-lo Estatuto municipal de 1924 para que a dita prerrogativa pase ás entidades locais⁴.

A Lei municipal de 1877 consideraba, no seu artigo 72, competencia exclusiva dos concellos o establecemento e creación de determinados servizos municipais como a iluminación ou o abastecemento de auga, ademais do coidado das vías urbanas, establecemento de mercados e matadoiros, institucións de instrución e sanitarias, e vixilancia. Para atender estes servizos os concellos non podían impoñer arbitrios, salvo que se tratase de aproveitamentos privados (art. 137). Os recursos ordinarios das facendas locais debían proceder (art. 136) das rendas dos seus bens, arbitrios, reparticións e imposto de consumos. Coas desamortizacións o patrimonio municipal minguara considerablemente. Se a isto lle unímo-la crecente oposición ó impopular imposto de consumos⁵ non deben estrañar-las crónicas dificultades das finanzas locais para lles facer fronte ás súas responsabilidades, que se incrementaban conforme au-

⁴ RUEDA (1994: 6-12). Unha mostra da reducida capacidade municipal de decisión nesta materia conséntase na necesidade, por parte do Concello coruñés, de lle solicitar a autorización ó monarca para proceder a unha pequena mellora que consiste en pechar, mediante unha tapia, o acceso á arqueta de distribución da auga, sendo o capitán xeneral a autoridade competente (LS 11-IV-1859: 58).

⁵ Na Coruña houbo un grave motín contra os consumos en 1886, e producíronse, entre outros, estragos en conducións de auga que tiveron que ser vixiadas e reparadas (LS 27-IX-1886: 175 e 184). Tamén en 1901 e 1903 a compañía arrendataria do imposto foi a detonante de novas folgas xerais.

mentaba o tamaño e a poboación dos núcleos urbanos e tamén o seu nivel de esixencia respecto ás súas autoridades, en relación co aumento dos niveis de vida e a progresiva participación cidadá na vida política⁶. Por outro lado, as leis sobre ensanche de poboacións de 1864, 1876 e 1892 esixían dotar esas zonas de redes de auga, sumidoiros e iluminación (Núñez, 1996: 414). Isto significou un adicional estímulo para mellorarlo abastecemento de auga para a corporación coruñesa que aprobou os dous ensanches da urbe en 1885 e 1910.

A situación de partida

O sistema habitual de abastecemento de auga nas poboacións urbanas preindustriais eran as fontes públicas, utilizadas non só para bebida senón tamén en ocasións como lavadoiros. Moveríámonos no denominado Sistema clásico de auga potable, caracterizado por un reducido consumo *per capita*, a variedade de subministracións, as restriccións tecnolóxicas e o predominio do regadío (Matés, 1999: 38).

As favorables condicións climáticas galegas permitían que este recurso básico fose abundante e de acceso descentralizado, de modo que grande parte da poboación municipal que residía fóra da zona urbana se autoabastecía mediante pozos ou mananciais propios. Non obstante, o reducido tamaño do concello coruñés e as súas características xeográficas determinaban unha maior dificultade de acceso a este recurso en caso de forte aumento do consumo⁷.

Esta demanda procedía basicamente da poboación, para bebida, cociña, hixiene persoal e lavado de roupa, pero tamén das instalacións industriais, algunhas delas de carácter militar como a Maestranza de Artillería, aínda que na Coruña non se logrou crear unha forte base industrial ó longo de toda esta etapa, sendo máis ben unha cidade comercial e de servicios (Lindoso e Mirás, 2001).

No caso da urbe coruñesa, nos primeiros tempos do período analizado intensifícase este método, realízanse obras municipais para poñer a disposición do público, tanto dos barrios tradicionais, como a cidade Alta,

⁶ Unha idea da estreiteza orzamentaria dánola o feito de que incluso para lle elaborar un proxecto de subministración de auga á cidade se lle solicita ó ministro de Fomento que este corra a conta do Estado (LS 19-V-1862: 53).

⁷ Xa a principios do século XVIII unha situación deste tipo estimulara a construción da viaxe de San Pedro de Visma, que trasladaba a auga dese manancial ata a fonte lindeira á igrexa de Santo André, a través do acueducto do Paseo das Pontes. Esta viaxe, construída entre 1722-1726 polo enxeñeiro francés Francisco Montaignu, estivo vixente ata 1966, CABANAS (1997). A mediados do século XVI construírase a viaxe de Vioño, tamén nun contexto de crecemento demográfico, VELO (1992: 71).

que se densificaban, coma dos novos barrios, como Riazor, a auga procedente de mananciais locais. Tamén se levan a cabo obras de mellora sanitaria da rede, para evita-la acumulación de desperdicios nas conduccións co conseguinte perigo para a hixiene (LS 10-I-1859: 9). Máis adiante e ante a insuficiencia da oferta, elaboráranse plans para incrementa-lo caudal das fontes mediante a achega suplementaria de auga procedente doutros mananciais, transportada por tubos (LS 2-IV-1860: 76).

As primeiras propostas de concesión, 1860-1880

Ante a impotencia municipal déixase en mans da iniciativa privada, nun primeiro momento a compañía do francés Jean Bouchard, o incremento do caudal dispoñible. Para iso necesítase ir estendendo a área de captación de recursos hídricos cara ó arrabalde e incluso cara ós municipios limítrofes.

É de destacar neste sentido o importante papel que xogará o capital estranxeiro, belga⁸ e francés principalmente, no financiamento e xestión dos servicios públicos municipais en España, dende mediados do século pasado ata a súa «nacionalización» nos anos vinte do presente século (Broder, 1981). No caso concreto da auga case a metade do investimento estranxeiro procedía de Francia, un tercio era inglés e o 16,8% belga (Costa, 1981: 60). Na cidade da Coruña a colonia francesa tiña un peso económico bastante significativo, xa dende o século XVIII co auxe do comercio colonial. Ademais de comerciantes, os franceses xogaron un papel fundamental en diversas ramas industriais como o vidro, a arte de curtir e a fábrica de gas⁹.

O recurso á iniciativa privada fracasa (LS 27-XII-1860: 137) e os problemas agrávanse «existe escaseza de auga na cidade, co seguinte temor de que se poidan producir altercados» (LS 7-XI-1861: 123). Neste sentido son reiteradas e en ton angustioso as chamadas de atención de diversos concelleiros durante eses anos: «Empeza a haber problemas de orde pública debido á seca e escaseza de auga pola que pasa a poboación ó se impoñe-la restricción desta» (LS 2-VI-1868: 223). Aínda a principios do século XX reiteráranse as chamadas de atención ante os previsibles pro-

⁸ Os belgas controlaban, dende o punto de vista mundial, os tranvías e ferrocarrís secundarios, MARTÍNEZ (1998).

⁹ En 1855 dunha relación de 46 franceses (doadores por un problema de inundacións) domiciliados na cidade herculina 18 eran cristaleiros, 5 comerciantes e 4 traballadores do gas; en 1858 das escasas instalacións industriais existentes na Coruña varias (fábricas de gas e de vidro, panadería mecánica, muíño de vapor) eran obra de súbditos franceses, Archives des Affaires Étrangères, *Correspondance commerciale, La Cognie*, vol. 26, f. 319, vol. 27, ff. 33-34.

blemas de orde pública derivados da seca. Non debemos esquecer que A Coruña de entreséculos era un importante núcleo anarcosindicalista (Brey, 1989).

A falta de recursos municipais e o prioritario do tema motiva que se recorra a distintas alternativas para reducir custos e/ou procurarse fondos¹⁰. En 1863 prodúcese unha nova concesión, tamén neste caso a un súbdito francés, Luis Petit (LS 26-IX-1863: 213), que tampouco levará a cabo as obras. Quizais debido á crise financeira de 1866 e á inestabilidade política do sexenio revolucionario non se detectan novas iniciativas ata 1880.

Dos primeiros proxectos en firme á creación de Aguas de A Coruña, 1880-1903

Dende os primeiros tempos da Restauración retómase decididamente o tema do abastecemento de auga, e preténdese a súa rápida resolución, aínda que a cuestión se irá dilatando como veremos.

En 1880 o francés Baradat presenta unha proposición para a traída de augas e a súa distribución por canos de ferro fundido (LS 23-IV-1880: 57). En relación con iso o Concello aproba unhas bases para a formación dun proxecto de traída e distribución de augas, e fíxase a subministración por habitante e día entre 100 e 200 litros (LS 18-VI-1880: 94). Sae a concurso o estudio de traída e distribución de augas, e adxudícaselle á única proposición presentada, obra do enxeñeiro de camiños da Coruña Juan M^a Fernández Yáñez¹¹.

A partir de aquí levaranse a cabo, de maneira bastante lenta, os distintos trámites considerados na Lei de obras públicas¹². Durante estes anos

¹⁰ Por exemplo a solicitude de exención de gravames arancelarios para a introducción de tubos ingleses de ferro para os canos (LS 24-VIII-1863: 203), así como o desvío de 60.000 reais destinados á pavimentación viaria coa nova finalidade de construción de canos e fontes (LS 10-IX-1863: 209). Outra alternativa para o financiamento das obras é acudir ó concurso dos maiores contribuíntes, dos cales se consegue a achega de 500.000 pesetas para estas e outras obras (LS 17-VII-1864: 135).

¹¹ (LS 19-VII-1880: 103). Na construción de infraestruturas urbanas os enxeñeiros desempeñaron con frecuencia un importante protagonismo, máis alá dos aspectos simplemente técnicos, ó actuaren como intermediarios entre empresas e concellos, ve-lo caso de J. Émile VANIER EN MONTREAL (POITRAS, 1999).

¹² Envíaselle un exemplar do proxecto ó gobernador para que autorice as expropiacións oportunas (LS 28-V-1883: 97). Non se admite ningunha das once reclamacións presentadas (LS 16-XI-1883: 212). Elabórase un proxecto de presa na balsa de Muradelo para derivar 100 l/seg do río Barcés no próximo Concello de Cambre para abastecer-la Coruña (LS 16-V-1884-112). Este proxecto ponse en mans do gobernador

a «inminente» traída de augas motiva unha conxelación das melloras do sistema existente, co conseguinte incremento do prexuízo cidadán¹³.

Finalmente, por R.O. do 1-V-1885 autorizouse o Concello coruñés a derivar 100 l/seg do río Barcés a perpetuidade e seguindo o proxecto de Fernández Yáñez. A partir de aí sucédense as peticións, aceptadas, de prórroga da dita concesión por parte do Concello ante o Goberno pola imposibilidade de iniciar as obras. Ante a falta clara de rendibilidade deste tipo de actividade, ínstase os veciños a que se abonen e se comprometan a consumir un determinado nivel de auga (LS 4-I-1886: 4).

En 1890 lévanse a cabo dúas poxas, simultáneas na Coruña e Madrid, que quedan desertas¹⁴. O prolongado atraso na traída de augas motivaba que os particulares, en especial os industriais con elevada demanda deste emprego, buscasen solucións individuais e máis rápidas, aínda que a competencia por un ben escaso era motivo de frecuentes conflitos¹⁵.

Nesa situación Ernest John Baylliss e Roberto Baldelló y Martínez presentan unha solicitude de concesión o 16-VIII-1890¹⁶. A súa oferta melloraba nalgún aspecto as anteriores condicións, pero beneficiaba o concesionario¹⁷ na estipulación do capital inmovilizado como garantía¹⁸.

para que logo lle remita o informe ó Ministerio de Fomento (LS 27-X-1884: 224). Por esa época Mariano Guaza, veciño de Madrid, presenta un ambicioso proxecto consistente en establecer dúas liñas de tranvías, rede de abastecemento de auga e construción do matadoiro e da praza de abastos (LS 3-XII-1883: 223). Tivo similar sorte ás anteriores proposicións.

¹³ É o caso, por exemplo, da prevista substitución do entubado entre o lavadoiro e Pórtico de Santo André, por un importe de 18.096 pesetas (LS 15-IX-1884: 199).

¹⁴ As principais condicións fixadas eran as seguintes: orzamento de 2.202.500 pta, 99 anos de concesión, depósito provisional do 5% do orzamento e definitivo do 10%, seguindo o R.D. 4-I-1883 sobre contratos dos entes locais e provinciais.

¹⁵ Así, por exemplo, o Concello aproba inicialmente a petición do súbdito francés François Saunier, director da fábrica de gas para explotar augas no Campo de Marte (LS 5-VII-86: 130). Sen embargo, ante a reclamación presentada polo Convento das Capuchinas comunicaselle que interrompa as obras ata a capacidade das augas (LS 27-VI-87:112).

¹⁶ Estas mesmas persoas, inglés o primeiro e catalán o segundo, a teor dos seus apelidos, presentáranlle dous anos antes unha proposición semellante ó Concello de Vigo, Arquivo municipal Vigo, *Augas, AGU* 6. Ernest e o seu pai William eran titulares da empresa W. Baylliss & Son e veciños do Carballiño (Ourense).

¹⁷ Nesa época o sistema de retribución do concesionario baseábase no principio de risco e ventura, cimentado na crenza empresarial de que os hipotéticos beneficios compensarían os riscos. O feito de que ó longo das dilatadas concesións se puidesen ver minguados os ditos beneficios pola modificación das condicións iniciais (polo *ius variandi*, o *factum principis* ou o risco imprevisible), en especial durante o cataclismo de entreguerras, levará en tempos máis recentes a substituí-lo dito principio polo de cobertura suficiente e mutabilidade contractual, SOSA (1992: 143-148).

¹⁸ Entre os aspectos máis favorables para os intereses municipais estaba a redución de 99 a 75 anos na concesión e renuncia á garantía de intereses que ofrecía o

O Concello acepta a citada proposta e o ministro de Gobernación autoriza a contratación directa por teren quedadas desertas as anteriores poxas (LS 31-III-1891:68). Unha vez obtida a concesión e nunha manobra claramente especulativa, os concesionarios traspásanlla de inmediato á sociedade anónima inglesa The British and Foreign Trading Company Limited, con domicilio social en Londres¹⁹. Pero tampouco agora se iniciarán as obras. A compañía solicitará varias prórrogas argüíndo dificultades para designar un representante na cidade e conflitos entre os socios por determinadas cláusulas da concesión. O Concello intenta premer coa confiscación da fianza e coa anulación da concesión pero acaba transixindo, e lógrase que a empresa formalice a escritura de concesión o 20-VI-1892, unha vez aceptadas polo Concello determinadas modificacións nas cláusulas iniciais²⁰. Pero non será tampouco esta

Concello. Sen embargo, substituíase o 5% do orzamento (110.126 pta) previsto para participar na poxa por un depósito de 10.000 pta, retornable se antes de tres meses se escriturase; ademais reducíase á metade a fianza do 10% do orzamento esixida inicialmente. Tamén se modificaban, aínda que descoñecemos en qué sentido, as tarifas que había que pagar polo Concello.

¹⁹ Os directores eran Joshua M. LEVY e LEWIS PASS, o director xerente e secretario Abraham Mordecar Laredo, polos seus nomes e apelidos semellan xudeus. O capital británico que se investiu en servizos públicos en España concentrouse nas empresas de abastecemento de augas, sobre todo de Andalucía occidental, como Sevilla, Cádiz ou Alxeciras, MATÉS (1994), quizais en relación coas tradicionais conexións británicas na explotación mineira e vinícola da zona. Para o conflictivo caso das Palmas, GALVÁN (1995). Esta entrada de empresas inglesas no sector pode estar relacionada coa súa expulsión do mercado británico polo intenso proceso de municipalización acaecido entre 1866-1905, HASSAN (1985). Tamén se detecta entrada de capital francés e belga, interesados así mesmo en lles dar saída ós seus produtos siderúrxicos (tubos), creando as sociedades de augas de Barcelona, Alacant, Valencia, etc.

²⁰ As principais emendas que hai que introducir no prego de condicións, propostas pola empresa e aceptadas pola corporación, foron as seguintes: o prazo das obras sería de 3 anos. A compañía subministraría gratuitamente ata 200 m³ diarios para a limpeza de sumidoiros. Para incendios o Concello podía facer uso gratuito e sen limitación. O Concello recibiría o 10% do produto líquido obtido da venda sobrance da auga fóra da Coruña. A elección da empresa (antes non se fixaba) as concesións poderían ser con chave de capacidade, cano libre ou contador. Establecíase un consumo mínimo familiar de 200 l diarios, a razón de 40 l/persoa/día. Outras cláusulas destacadas eran as seguintes: as obras axustaríanse ó proxecto de Fernández Yáñez e as indemnizacións e expropiacións correrían a cargo da compañía aínda que o Concello debía promover-los expedientes; ós 75 anos as obras e as augas pasarían ó Concello sen indemnización, este obrigábase a solicita-la libre importación de materiais e ferramentas sen que a súa non obtención afectase a concesión; depósito de 10.000 pta retornable se se escriturase antes de tres meses, fianza de 110.126 pta que había que devolver á finalización das obras, suxeición ós tribunais locais, esixencia municipal debilla nos escusados, tarifas por m³: usos domésticos 80 cts (antes proporcional ó alugamento), industriais 50 cts (antes 20), servizos públicos 25 cts (391.297 l/día gratis), aboamento mínimo (l/día): privado 200 (antes 500), municipal 1.000, subministración diaria á cidade 8.640 m³. Estas tarifas eran en xeral máis elevadas, sobre

empresa a que acometa as obras senón que por escritura do 23-II-1893 a British traspasoulle a concesión a The Corunna Waterworks Company Limited²¹, sociedade inglesa creada expresamente para este negocio. Hai que indicar, para entender mellor as dilacións e a débil posición municipal, que o Concello coruñés mantiña un funcionamento irregular entre 1885 e 1893 debido, entre outras causas, ó conflito polo traslado da Capitanía Xeral a León²². Cómpre sinalar tamén a inestabilidade local reflectida pola existencia de 25 alcaldes entre 1854-1893, que dá unha media de 19,2 meses no cargo, debido a que o nomeamento de alcaldes dependía do goberno do momento, alternante entre liberais e conservadores.

A partir dese momento iníciase unha tensa relación entre concello e concesionaria que se prolongará durante dúas décadas nos tribunais e que alongará aínda máis a resolución do cada vez máis urxente problema do abastecemento urbano de auga, e cada parte descargaba na outra a responsabilidade do atraso. Describiremos brevemente os aspectos esenciais do enfrontamento, seguindo o atado *Preito contra a compañía...*, utilizado tamén para os antecedentes.

todo en termos de custos comparativos, cás existentes para servicio doméstico noutras cidades como Barcelona, 60 cts, Cádiz, 90 cts, Matés (1994: 3), ou Vigo, 40 cts tarifa xeral e 15 cts para uso público.

²¹ Esta empresa nomeará como conselleiro a Maximiliano LINARES RIVAS, de influente familia local, pois o seu irmán Aureliano foi deputado pola Coruña durante moitos anos e ministro de Fomento daquela, o seu sobriño Maximiliano Asúnsolo Linares- Rivas será alcalde en 1922 e 1930/31. O avogado da compañía era Juan GOLPE VARELA, concelleiro e membro da Comisión de Augas que en decembro de 1890 elaborara o informe proclive ás teses de Bayliss. José BLANCO VILARIÑO era o representante tanto de The Corunna... coma da British... Este tipo de estratexias era frecuente nas concesionarias de servicios públicos, en especial cando a súa procedencia foránea podía dificultar a súa penetración no mercado local, por descoñecemento deste ou, sobre todo, reticencias nacionalistas habilmente atizadas por grupos empresariais autóctonos. Nas Canarias a City of Las Palmas Water and Company Ltd. atraeu os seus oponentes entre a oligarquía e integrounos no Consello de Administración, GALVÁN (1995: 132).

²² Como as desgracias non adoitan vir soas, na liquidación practicada pola Fazenda Pública polo aproveitamento de auga que o Estado lle concedera ó municipio estipulouse o verdadeiro valor dos dereitos en 2.202.500 pesetas das que só se declarara nun principio a cantidade de 250.000 pesetas quedando a deber pola cantidade restante (1.952.500,36 pesetas) o seguinte:

Cota para o tesouro	1.952,50 pesetas.
Multa do 10%	195,25 pesetas.
Multa de liquidación	29,78 pesetas.
E o 6% de demora dende o ano de 1885.	

O Concello opinaba que a oficina liquidadora incorrera en graves inexactitudes ó non distingui-lo valor da concesión do valor das obras (LS 4-IX-1893: 117).

A compañía solicitou o 10-III-1894, dez meses despois de iniciadas as obras, que se emendase un grave erro de nivelación detectado no proxecto²³ e as conseguíntes indemnizacións, que serán rexeitadas polo Concello e polo gobernador civil. Logo dun prolongado proceso de revisión o Concello aprobará o planeamento definitivo do proxecto o 14-IX-1898. Mentres tanto, as obras a penas avanzaban e a situación sanitaria degradábase, apareceron focos infecciosos atribuídos á mala calidade das augas²⁴. Pola súa parte, a empresa solicita en varias ocasións que se lle conceda a substitución do cemento Zumaya polo Portland²⁵ coa finalidade de accelera-las obras. A empresa demanda tamén que o Concello lles solicite ós poderes públicos a exención dos dereitos aduaneiros nos materiais necesarios para a traída de augas. Este tipo de reivindicacións por parte da compañía inglesa pon de manifesto o frecuente interese das sociedades estranxeiras que invisten en infraestructuras urbanas en España por crearen mercados para as súas producións (propias ou de empresas participadas, dada a súa frecuente estrutura de hóliding) relacionadas coas obras públicas (material de construción, metalurxia, electromecánica).

O 14-VIII-1899 a corporación requiriulle á compañía que en dez días constituíse a fianza definitiva do 10%, é dicir 220.250 pta, en efectivo ou en efectos públicos a súa cotización oficial, no caso contrario rescindiríase a concesión, a cal se leva a cabo o día trinta. A compañía recorre ante as distintas instancias. A sentenza final do Tribunal Supremo, emitida o 19-II-1903²⁶,

²³ A profesionalidade do seu autor, Fernández Yáñez, que por certo toma parte adoito nas discusións municipais sobre o tema, non debía ser moi alta cando requirido para que emitira un informe sobre os presuntos erros do seu proxecto, alegou en varias ocasións estar moi ocupado.

²⁴ Por iso se emitiron consultas xurídicas para determinar se había causa de rescisión. Os informes foron negativos, recomendándolle ó Concello que axilizase as expropiacións, un dos escollos argüídos pola empresa para xustifica-la lentitude das obras.

Durante o primeiro cuarto do século XX sucedéronse as normas reguladoras do control sanitario das augas. As máis importantes foron a *Instrucción xeral de sanidade* de 1904, que establecía a obrigatoriedade para os concellos de máis de 15.000 habitantes de se dotaren dun laboratorio para o control das augas potables, e o *Regulamento de sanidade municipal* de 1925 que rebaixaba a cifra a 10.000 habitantes e incidía na supervisión da auga tanto na condución coma na orixe, así como mostraba especial interese no tratamento das augas residuais, MATÉS (1998: 42-50).

²⁵ Primeiro cemento artificial, fabricado en Inglaterra.

²⁶ Nos días anteriores hai unha activa mobilización epistolar do alcalde coruñés, que contacta cunha serie de destacados políticos en Madrid, tanto liberais coma sobre todo correligionarios do partido conservador gobernante, xeralmente vinculados dalgún modo á Coruña, para que traten de influír na sentenza. Os destinatarios das cartas foron os seguintes: FRANCISCO SILVELA (presidente do Goberno), EDUARDO DATO IRADIER (ministro de Xustiza), EDUARDO GASSET (deputado), JUAN ARMADA LOSADA (marqués de Figueroa) (gobernador de Madrid), AURELIANO LINARES RIVAS (ministro de Fomento), EDUARDO TORRES TABOADA (deputado), ANTONIO DEL MORAL (senador), Juan

resúltalle lixeiramente favorable ó Concello, pois se ben sinala que a compañía non ten dereito a recibir indemnización polo erro do proxecto inicial, tampouco acepta a ampliación da fianza solicitada polo Concello, aínda que esta se debería valorar pola súa cotización, non polo seu valor nominal. A partir desa resolución os feitos desenvólvense con rapidez. A R.O. do 13-VI-1903 decláralle caducada a concesión de augas do río Barcés ó Concello coruñés efectuada en 1885²⁷. Esta resolución alisa o camiño para que entre en liza un grupo local²⁸ que constitúe en 1903 a Sociedade Anónima Aguas de La Coruña que se fará coa concesión de aproveitamento de augas do río Barcés en 1903 e do abastecemento á cidade durante 99 anos ó ano seguinte (BOE 17-III-1904). Finalmente, en 1908 inaugurarase o novo servizo, e fai que a cidade entre no Sistema moderno de auga potable, caracterizado polo elevado consumo *per capita*, o predominio das redes colectivas, a tecnoloxía industrial, as novas fórmulas organizativas e a especialización na subministración de auga (Matés, 1999: 42).

Conclusiones

Despois deste percorrido, basicamente descritivo pero necesario para coñecer sucintamente os feitos, chegou o momento de efectuar unha recapitulación sobre os aspectos máis significativos da prestación do servizo de augas na cidade da Coruña e ver en qué medida os seus trazos se asemellan ou diferencian ós das súas homólogas españolas. En xeral, podemos adiantar que o caso coruñés confirma o observado noutras cidades, aínda que tamén manteña certos caracteres específicos.

FERNÁNDEZ LATORRE (deputado), Manuel CRISTÓBAL (senador) e José LOMBARDEO (deputado). Dos que se conserva a súa contestación foron: Silvela, DEL MORAL, LATORRE, CRISTÓBAL, marqués de Figueroa e Lombardero. Na misiva do alcalde ó presidente do Goberno utilízanse argumentos de traza catastrofista e nacionalista «...ata o punto de temerse, con sobrada razón, que estalle un motín... (poñer) termo dunha vez á burla vergonzosa que impunemente fai desta poboación esa compañía estranxeira». AMC, *Preito contra a compañía*.

²⁷ Unha nova R.O. do 29-VII-1908 mandaralle dar cumprimento ó auto do Tribunal Supremo e declarará caducado o recurso emprendido por The Corunna... contra a R.O. do 13-VI-1903.

²⁸ O seu presidente era José Marchesi Buhigas, de notable familia local, fillo de José Marchesi Dalmau, adineirado comerciante por xunto de produtos coloniais e alcalde en 1890/91 e en 1893/94. Como vemos, mantéñense as conexións dos grupos económicos co poder municipal e parece confirmarse a orixe colonial dos capitais investidos nas empresas locais de servizos. No caso de Vigo será o capital conserveiro o que participe na empresa local de augas, da man do secretario do seu Consello de Administración José Curbera Fernández, o presidente era Antonio López de Neira, industrial do papel e alcalde conservador que a finais do pasado século promovera a iluminación eléctrica da súa cidade.

As condicións da oferta e da demanda, se ben ocasionaban un crónico atraso no seu punto de equilibrio, non eran tan graves coma noutras latitudes. Por un lado as condicións climáticas, pola súa elevada pluviosidade e baixa evaporación eran favorables, por outro os mananciais eran relativamente numerosos, aínda que non existía ningunha corrente importante no contorno urbano próximo. Por outra parte, a demanda e o seu crecemento non eran excesivamente alarmantes posto que se trataba dunha cidade de tipo medio, cun crecemento demográfico moderado e unha escasa industrialización, predominantemente familiar.

Ó igual ca noutras urbes os primeiros intentos modernizadores do sistema de abastecemento de auga prodúcense a mediados do século pasado, unha vez superado o estancamento político-económico das décadas anteriores. Do mesmo modo, o proceso será enormemente lento. Iso debíase ós elevados investimentos necesarios, ó seu longo período de amortización e á falta de rendibilidade clara destes. Había que vencer as reticencias cidadás a se abonar e pagar por un ben considerado ata entón libre e gratuíto, cunha ampla e accesible oferta e nun contorno social de baixos ingresos e tendencia ó autoconsumo. As precarias facendas locais non estaban en condicións de acometer os ditos investimentos, de aí que nin sequera fora unha opción que se puidera considerar nesa época. Pero o negocio tampouco estaba moi claro para a iniciativa privada, en especial a autóctona. A reiterada ausencia de licitadores demóstrao. Con frecuencia, sobre todo nos primeiros tempos, os concesionarios son meros especuladores sen intención nin medios de levar a cabo as obras. Adoitan ser individuos particulares, non situados na localidade senón nos centros económicos como Madrid ou Barcelona, algúns incluso estranxeiros. O seu mellor coñecemento sobre as poxas de concesións públicas permíteos participar en varias delas. O seu negocio consiste en lles traspasar a empresas máis fortes as ditas concesións. Estas, en bastantes ocasións, son estranxeiras: francesas, inglesas e belgas no caso da auga. Estas empresas tiñan maior experiencia na construción de infraestruturas urbanas, pola precocidade e superior extensión da urbanización nos seus países de orixe. Tiñan tamén maior e en mellores condicións o acceso ós mercados de capitais, e estaban así mesmo máis acostumadas a asumir riscos. Con todo, sería simplificador contrapoñer, en termos absolutos, unha xestión empresarial dinámica protagonizada polas compañías estranxeiras a un menor espírito de risco do capital autóctono²⁹. Un dos elementos básicos que parecen guiar as estratexias de expansión internacional das compañías de servizos estranxeiras é a captación de mercados

²⁹ De feito, tanto no abastecemento de auga coma no tranvía da Coruña o capital local terá que facerse cargo das concesións en mans estranxeiras para levar adiante estes servizos.

para os seus propios productos³⁰. Con frecuencia estas empresas estaban integradas en poderosos e complexos *hóldings* financeiros³¹.


Un elemento esencial na concreción práctica das concesións era o poder negociador de ámbalas partes, Administración local e empresa. En xeral e *a priori* a situación tendía a favorecer-la parte empresarial, sobre todo cando esta formaba parte dun influente grupo financeiro. A súa capacidade de presión sobre uns gobernos locais urxidos por unhas demandas cidadás cronicamente insatisfeitas nun produto de primeira necesidade, incapacitados financeira e empresarialmente para asumiren directamente os ditos servicios e sometidos a un forte e burocratizante centralismo era elevada. Incrementábase cando se trataba de cidades de tipo medio, apetecibles dende o punto de vista económico pero máis débiles politicamente, e con menor posibilidade de competencia dado o tamaño do mercado³². No caso coruñés, a maiores, a situación sociopolítica era peculiar, pois producíanse disfuncionalidades entre os alcaldes designados polo bipartidismo cambiante, o grupo republicano maioritario con frecuencia na corporación e unha masa urbana de simpatías anarcosindicalistas e marcada conflictividade. Para reforza-la súa capacidade de influencia a empresa asocia/contrata personaxes locais destacados da vida económica e profesional e, o que parece máis determinante, con estreitas conexións, propias ou familiares cos poderes políticos tanto locais coma estatais. O Concello tampouco queda atrás e no prolongado pulso coa compañía inglesa³³ acada o apoio dos representantes políticos de orixe coruñesa para conformar un

³⁰ Nos tranvías é evidente o interese belga-alemán por electrifica-las liñas para dotalas con material propio electromecánico. No caso que nos ocupa a fixación explícita na escritura da libre importación de materiais e as posteriores e reiteradas peticións por parte da empresa de substituí-lo cemento vasco polo inglés de Portland, con exencións arancelarias, son exemplos de similar estratexia. Probablemente a non consecución destes obxectivos, nun contexto cada vez máis proteccionista por mor do arancel de 1891 xogou un papel importante no retraemento constructor da concesionaria.

³¹ É o caso dos *hóldings* belgas, propietarios de moitas compañías tranviarias en todo o mundo, MARTÍNEZ (1998). As empresas inglesas de augas radicadas en España parecen formar parte tamén dun escuro grupo financeiro presidido polo duque de Devonshire, BRODER (1981: 1815).

³² De feito a estratexia de grupos como o do gas do francés Lebon escollía expresamente este tipo de cidades polos ditos motivos, BRODER (1981: 1672).

³³ A corporación actúa negligentemente, con insinuacións tanto de bloqueo coma de convivencia coa compañía, en varios aspectos que están na raíz do conflito: a non detección do erro do proxecto base, a fixación da fianza na metade do previsto e a non axilización das expropiacións. Con todo, non eran aspectos insalvables e máis ben parece que son desculpas ás que se aferra a empresa para non levar a cabo as obras. A razón de fondo posiblemente radique na falta de rendibilidade clara do proxecto, en especial se non chegou a conseguir, como parece deducirse, a libre importación de materiais, probablemente un dos seus obxectivos básicos á hora de adquiri-la concesión.

grupo de presión nas altas instancias xudiciais. Xoga ó seu favor a formación dun grupo local con poderosas conexións económicas e políticas decidido a impulsar a modernización urbana da Coruña e estimulado polo refluxo de capitais provenientes das antigas colonias caribeñas³⁴. Será pois o capital autóctono o que emprenda e culmine en 1908 a tan desexada e aprazada rede de traída de augas á cidade da Coruña. 

³⁴ Non é casual que tamén despois de varios anos de dilacións, se cree en 1901 con capital local a Compañía de Tranvías de La Coruña, MARTÍNEZ y PIÑEIRO (2001).

Fontes e bibliografía básicas

■ Fontes

Archives des Affaires Étrangères (*París*)

— *Correspondance commerciale, La Corogne, 1853-1901.*

Arquivo municipal da Coruña:

— *Libros de sesións, 1850-1910.*

— *Obras públicas. Conducción de augas. Preito contra a compañía. Proxecto de variación de augas. Anos 1894 a 1939.*

Arquivo municipal de Vigo:

— *Augas. AGU 6.*

— *Lei municipal de 1877.*

— *Lei de augas de 1879.*

■ Bibliografía

AGUILERA, F. (1993), *Economía del agua*. MAPA, Madrid.

BREY, G. (1989), *Economie et mouvement syndical en Galice (1840-1911)*. Thèse d'Etat, en microficha.

BIGATTI, G., GIUNTINI, A., MANTEGAZZA, A., ROTONDI, C. (1997), *L'acqua e il gas in Italia*. Francoangeli, Milano.

BRODER, A. (1981), *Le rôle des interets économiques étrangers dans la croissance de l'Espagne au XIX e siècle, 1767-1924*. These d'Etat, Université de Paris I.

BROWN, John C. (1988), «Coping with Crisis? The Diffusion of Waterworks in Late Nineteenth-Century German Towns», *The Journal of Economic History*, vol. XLVIII, n° 2, pp. 307-318.

CABANAS, F. (1997), *Historia de la antigua traída de augas de San Pedro de Visma (La Coruña, s. XVIII)*. Toxosoutos, Noia.

COSTA, M. T. (1981), «Iniciativas empresariales y capitales extranjeros en el sector Servicios de la Economía Española durante la segunda mitad del siglo XIX», *Investigaciones Económicas* n° 14, pp. 45-83.

DE CAL Y CORTINA, R. (1997), «Servicios públicos locales y Estado liberal (1854-1856)», *VI Congreso de H0 Económica*. Girona, 7ª sesión: 1-8.

DÍAZ LEMA, J. M. (1994), «Los servicios públicos locales en la ley municipal de 1877», *II Simposio de Historia da Administración*. EGAP, Santiago, 1994: 1-24.

GALVÁN, E (1995), «El servicio de abastecimiento de agua potable a Las Palmas de Gran Canaria: implicaciones políticas derivadas de su concesión a una compañía inglesa», *Boletín Millares Carlo*, n° 14, centro Asociado UNED Las Palmas de Gran Canaria, pp. 119-133.

GALLEGO, A., MENÉNDEZ, A. e DÍAZ, J. M., (1986), *El derecho de aguas en España*. Madrid, MOPU, 2 vols.

GARRUÉS, J. (1998), *Servicio público de aguas y servicio privado de producción y distribución de electricidad en Pamplona, 1893-1961*. Fundación Empresa Pública, Madrid, Documento de Trabajo 9810.

GIGOSOS, P. e SARAVIA, M. (1993), *El surtido de aguas a Valladolid: de la concesión a la municipalización (1864-1959)*. Concello de Valladolid, Valladolid.

GUILLERME, A. (1988), «The Genesis of Water Supply, Distribution, and Sewerage Systems in France, 1800-1850», en TARR & DUPUY (1988), pp. 91-115.

- HASSAN, J. A. (1985), «The Growth and Impact of the British Water Industry in the Nineteenth Century», *Economic History Review*, Vol. 38, N° 4, pp. 531-547.
- LINDOSO, E. e MIRÁS, J. (2001), «La trayectoria de una economía urbana, A Coruña (1868-1936)», *El republicanismo coruñés en la historia*. Concello de A Coruña, A Coruña, pp. 31-38.
- MALUQUER DE MOTES, J. (1985), «La despatrimonización del agua: movilización de un recurso natural fundamental», en GARCIA SANZ, A. y GARRABOU, R. (eds.), *Historia Agraria de la España Contemporánea*. Crítica, Barcelona, vol. I, pp. 275-296.
- MARTÍNEZ, A. (1998), «Las inversiones belgas en los tranvías y ferrocarriles de cercanías. Una perspectiva internacional, 1892-1935», *150 años de Historia ferroviaria*, Alicante.
- MARTÍNEZ, A. e PIÑEIRO, C. (2001), «Empresas e servicios públicos: a creación dunha infraestrutura de transporte urbano, A Coruña 1876-1925». *Revista Galega de Economía* (en prensa).
- MARTÍN-RETORTILLO, S. (1997), *Derecho de aguas*. Madrid, Civitas.
- MATÉS, J. M. (1994), «Las empresas de abastecimiento de agua (1850-1950): de la concesión administrativa a la municipalización». *2º Congreso de Historia Contemporánea*, Barcelona. Ejemplar mimeografiado.
- (1998), *Cambio institucional y servicios municipales. Una historia del servicio público de abastecimiento de agua*. Ed. Comares, Granada.
- (1999), *La conquista del agua. Historia económica del abastecimiento urbano*. Universidad de Jaén, Jaén.
- NÚÑEZ, G. (1996), «Servicios urbanos colectivos en España durante la segunda industrialización: entre la empresa privada y la gestión pública», en COMIN, F. y MARTÍN ACEÑA, P. (eds.), *Empresas y empresarios en la Historia de España*. Civitas, pp. 399-419.
- POITRAS, C. (1999), «Construire les infrastructures d'approvisionnement en eau en banlieue montréalaise au tournant du XX^e siècle. Le cas de Saint-Louis», *Revue d'histoire de l'Amérique française*, vol. 52, n° 4, pp. 507-531.
- RUEDA, J. C. (1994), *El agua en Madrid. Datos para la Historia del canal de Isabel II, 1851-1930*. Fundación Empresa Pública, Madrid.
- SALORT, S. (1997), *La Hacienda local en la España contemporánea. La Hacienda municipal de Alacant (1800-1923)*. Alacant, Instituto de Cultura «Juan Gil Albert».
- SOSA, F. (1992), *La gestión de los servicios públicos locales*. Civitas, Madrid. Manejada la 3ª edición, de 1997.
- VELO, I. (1992), *La vida municipal de A Coruña en el siglo XVI*. Diputación de A Coruña, A Coruña.